

O ANTIGO RÉXIME

Sistemas políticos.

Os cambios políticos da idade moderna, manifestáronse en tódolos aspectos da vida. A nivel político a evolución foi clara e patente. Comparar os seguintes documentos e contestar ás cuestións:

Século XVI	Século XVII	Século XVIII	1789 Revolución Francesa
Monarquía Autoritaria Unitaria	Monarquía Absoluta	Despotismo Ilustrado	

TEXTO 1.- Jacobo I (1609) "E por xusto título que se lles chama deuses aos reis, porque exercen sobre a terra un poder semellante ao poder divino. Considerade os atributos de Deus e haberédelos de recoñecer na persoa do rei. Deus ten o poder de crear ou destruír, de facer ou desfacer ao seu antollo, de dar a vida ou a morte, de vulgar todo sen render contas. Os reis posúen un poder semellante. A sorte dos seus súbditos depende da súa vontade."

Luís XV (1766) "Só na miña persoa reside o poder soberano. Só ao meu pertenceme o poder lexislativo, sen dependencia nin división. Só pola miña autoridade os oficiais do meu corte proceden a rexistrar, publicar e executar a lei. A orde pública emana de min e os demais dereitos e os intereses da nación están unidos aos meus e non han de descansar senón nas miñas mans".

TEXTO 2.- Sir Thomas Smith (1528) "O poder supremo e absoluto, no Reino de Inglaterra, reside no Parlamento. (...) O Parlamento derroga as antigas leis e promulga as novas; ordena o que debe quedar do pasado (...) e modifica os dereitos e a propiedade individual, lexítima, dos bastardos (...); condena ou absolve aos que o Príncipe acusa (...) porque representa e ten o poder de todo o reino".

Petición de dereitos (1628) "Os Lores e os Comúns, reunidos no Parlamento, recórdanlle ao noso soberano señor O Rei (...) que o estatuto feito non lle permite establecer impostos no seu reino sen o consentimento dos arcebispos, bispos, condes, baróns, cabaleiros, burgueses e outros homes libres dos comúns deste reino; que pola autoridade do Parlamento (...) queda establecido que ninguén poida ser obrigado contra a súa vontade a prestar diñeiro ao Rei, porque a obrigación é contraria á razón e ás liberdades do país.

(...) Ningún home libre pode ser encarcerado nin despouído dos seus bens, das súas liberdades (...) se non é por unha sentenza legal dos seus pares ou leis do País".

[G. DURAND: *Etats et institutions XVI-XVIII*, Armand Colin, Paris, 1968, Páx. 174-176, Doc. 58-61].

1.1.- Compara os dous tipos de monarquía aludidos en ambos textos e indica:

En quen reside o poder en cada caso? De onde mana dito poder?

Que tipo de institucións políticas se citan? Cales son individuais e cales colectivas?

Quen redacta e onde se fan as leis? Quen establece a política fiscal?

Existía relación entre a monarquía e os grandes comerciantes?

1.2.- Explica en que cambiou a estrutura política medieval na idade moderna?. Que motivou este cambio?

1.3.- Quen podía formar parte do Parlamento? En que país? Os documentos falan de dúas Cámaras.

1.4.- Indica cales son e si continúan existindo actualmente en Gran Bretaña. Sinala os cambios producidos.

1.5.- Define o concepto de "soberanía" e sinala en quen reside no Antigo Réxime e como se xustifica ideoloxicamente a mesma. Onde reside hoxe no noso país?

1.6.- Os seguintes monarcas foron monarcas ilustrados. Relaciónaos cos seus países:

Carlos III	Prusia
Federico II	Suecia
Catalina II	España
Gustavo III	Rusia
Mª Teresa	Austria

SOCIEDADE E ECONOMÍA:

A positiva evolución demográfica que caracterizou a Europa do século XVI quedou paralizada no XVII por motivos económicos ou relixiosos, fames, epidemias, guerras e emigración. Estes factores provocaron o descenso da natalidade e o aumento da mortalidade.

Aparecen por primeira vez en Europa os CENSOS de poboación con fins recadatorios e políticos, aínda que as súas marxes de erro son moi altas, podendo superar o 20%, quedando en entredito a súa fiabilidade. Pese a iso

imos traballar cos datos existentes.

Facede unha gráfica da poboación dos países europeos recollidos na táboa, empregando distintas cores para diferenciar as súas evolucións.

PAÍSES	Hab. ano 1300	Hab. ano 1500	Hab. ano 1600	Hab. ano 1700
Alemaña	12	13	16	15
Escandinavia	-	-	2	3
España e Portugal	-	9	11	10
Francias	15	16	18	19
Illas Británicas	5	5	7	9
Italia	10	11	13	13
Países Balcánicos	-	7	8	8
Países Baixos	-	2	3	3
Países Danubianos	-	6	7	9
Polonia	-	4	5	6
Rusia	-	10	15	18
Suíza	0'8	0'8	1'1	1'2

(C: CIPOLLA: *Historia económica de la Europa preindustrial*, páx. 22. Datos en BALLARINI e OUTROS: *Trabajos prácticos de Historia*. Ed. Akal, páx. 8)

- S1. En que século semellan máis fiables os datos?
- S2. Que países sufriron o maior crecemento? E que país ou países sufriron a maior crise?
- S3. Sitúa no mapa cada un deles e diferencia con cores o rexime político existente en cada un deles, tal como se indica na lenda. Existe algunha relación entre o crecemento, a existencia de datos e o rexime político existente en cada un deles?

Ata o século XVIII perviviu en Europa a sociedade estamental, que ten a súa orixe no medievo. Nun mundo eminentemente rural o traballo agrícola constituía un feito social colectivo. Pero que diferenzas existen entre ESTAMENTO e CLASE SOCIAL. Busca os termos no dicionario, logo tenta explicar as semellanzas e diferenzas entre ambos conceptos. Completa o seguinte cadro e distingue as personaxes das láminas:

 Sociedade	 Sociedade -----
Organízase mediante relacións de vasalaxe. Os señores non eran iguais entre si (baróns, condes, duques, marqueses, cabaleiros, ..) e por riba deles o -----, o único lexitimado para dictar leis. No máis alto da pirámide estaban o papa e o emperador. O Pobo estaba formado polos servos da gleba, os habitantes da vila, escravos, ... Os servos estaban atados de por vida á ----- debendo pagar moitos ----	Privexios en función do seu ----- Nobreza e ----- eran os grupos privilexiados: non pagaban impostos e exercían o poder político. Burguesía comerciante, rica, culta e que vai mercar títulos nobiliarios. Artesáns urbáns que traballan en obradoiros. 90% da sociedade eran ----- pobres, analfabetos e suxeitos a servidume. Minorías marxinais: xudeos, mouriscos, conversos, xitanos, pícaros, esmoleiros, mercenarios, clérigos. Mesonero, pregoeiro, augador,

Analícemos os citados cambios sociais a traveso dos seguintes textos:

TEXTO 1.- "Hai un refrán en España, segundo o meu punto de vista verdadeiro, como o son todos, por ser sentenzas breves sacadas da longa e discreta experiencia; e o que eu digo di: Igrexa, ou mar, ou casa real, coma se dixese máis claramente . Digo isto porque querría, e é o meu desexo, que un de vós seguise as letras, o outro a mercadoría, e o outro servise ao Rei na guerra, pois é difícil entrar a servilo na súa casa "

TEXTO 2.- "Relación dos embaixadores venecianos sobre a situación en Francia (1569). Pensemos que o diñeiro do reino atópase hoxe en mans dunha soa das clases do reino, as cales son, como sabedes, o clero, os nobres, os burgueses e o pobo. O clero está arruinado e nin agora, nin mentres duren estas crises, poderá levantar cabeza. Sen contar cos bens hipotecados e vendidos con autorización do Papa, o clero pagou, desde 1561,

doce millóns de escudos; o que sería pouco, pois posúe sete millóns de rendementos anuais, se os exércitos non lle causaron grandes prexuízos.
Os nobres están en situación desesperada, non teñen diñeiro por mor das guerras.
O pobo campesiño foi de tal forma expoliado polos exércitos, que exercen o seu abuso sen límites, que mal teñen con que vestir a súa nudez.
Nada queda, a non ser os burgueses e os homes de toga, talles como os presidentes, conselleiros, procuradores e outros semellantes que teñen ouro en abundancia e non saben que facer con el"

TEXTO 3.- "Sobre o ennoblecemento da burguesía (Versalles, 1696). Acabamos de tomar a resolución de outorgar cincocentas cartas da nobreza no noso reino, para servir de recompensa a aqueles dos nosos súbditos que, ao adquirilas mediante un módico pago, contribuían a fornecernos os auxilios que precisamos para rexeitar aos nosos inimigos.

(...) Nos ennobrece o noso reino, rexións, terras e señoríos con cincocentas persoas á nosa obediencia, que serán elixidas (...) entre os negociantes, comerciantes que fagan comercio por xunto, comercio que poderán continuar sen perder a citada condición noble (...) e sen que devanditos ennoblecimientos poidan ser suprimidos nin revogados".

[P. GOUBER: O Antigo Réxime. 2. Os poderes. s. XXI, Madrid, 1979, Páx. 192-193]

Enumera e compara las clases sociais citadas no texto 2 coas da Idade Media. Que diferenzas existen?

Que nova clase social consolidouse neste período? Cal era a súa profesión?

Que son os "homes de toga" do texto 2? A que se adican?

Que grupo social pretende ennoblarse segundo o texto 3? Que motivacións ten?

Por que o rei vendeu os títulos nobiliarios?

Que era preciso no Antigo Réxime para acceder á condición de noble?

Explica a frase do Texto: "(...), comercio que poderán continuar sen perder a citada condición de noble (...)"

O gran descoñecido desta sociedade era o pobo, anónimo, traballador e o máis numeroso. Aquí temos un exemplo, "a familia de Jacques Bénard". Analizar o seguinte documento:

"Jacques Bénard nace en Magny-en-Vexin o 19 de maio de 1664. á idade de 23 anos, o 1 de xullo de 1687, casa con Barbe Pigeon, que ten aproximadamente a mesma idade.

O seu fillo maior, Nicolás, nace o 19 de febreiro de 1688 e morre o 29 de novembro do mesmo ano.

O 12 de xaneiro de 1691 nace Juan, que morreu o 7 de maio de 1706, aos 15 anos de idade.

O 19 de abril de 1693 vén ao mundo unha nena, Margarita, que morre un ano máis tarde, o 4 de maio de 1694

Igualmente, José nace o 28 de decembro de 1695 e morre á idade de sete anos, o 15 de maio de 1703.

Soamente sobreviviron dúas fillas: Bárbara e María, nadas, respectivamente, o 7 de decembro de 1698 e o 27 de xaneiro de 1703. A primeira casa con Jacques Cardonnet, o 6 de xullo de 1722; a segunda, con Laurent Montegagne, o 16 de abril de 1728.

A nai, Barbe Pigeon, morre o 15 de novembro de 1703, algúns meses despois do seu fillo José.

Unha vez viúvo, Jacques Bénard volve casar o 20 de maio de 1704 con Catherine Picot de 33 anos de idade. Jacques Bénard morre o 3 de abril de 1715 e é enterrado no cemiterio de Magny.

(Extraído dos rexistros de bautismos, casamentos e sepulturas de Magny-en-Vexin. Datos recollidos Ed. Akal.)

Cos datos do texto constrúe a árbore xenealóxica da familia de Jacques Bénard.

Cantos fillos sobreviviron aos pais? Era frecuente no século XVIII esta situación? Tenta explicar as posibles causas dos falecementos da muller e dos fillos.

A que idade morreu Jacques Bénard? E a súa muller? Observa o texto sobre a evolución da esperanza de vida nos últimos séculos e tenta explicar se o protagonista morreu novo ou a unha idade avanzada. E a súa muller?

"Dende o final da segunda guerra mundial, a mortalidade foi diminuindo. A esperanza de vida media nos países industrializados, que era de vintecinco a trinta anos no século XVIII e de 47 anos en 1900, pasou a ser de 64,6 anos en 1946-49 e de 75 anos en 1982. Pero a diferenza entre o que poden esperar vivir as mulleres e os homes aumentou, e de 5,5 anos en 1946-49 pasou hoxe en día a ser de oito anos (71 para o home e 79 para a muller). España presenta unha das cifras máis baixas neste senso, posto que a diferenza entre a esperanza de vida entre mulleres e homes non chega aos seis anos (75,1 anos para a muller e 69,6 para o home)." (AFP: "Las mujeres tienen ocho años más de esperanza de vida que los hombres en los países industrializados". El País Edición Impresa, Sociedad. 01/03/1983)

Cantos fillos tiveron Jacques Bénard e a súa primeira muller? Calcula os intervalos entre os nacementos, en meses, e a media dos intervalos.

Nunha liña do tempo marca a vida de cada un dos fillos. En que momento conviviu o maior número de irmás? Cantos? Cales?


A que idade casaron Bárbara e María? Tendo en conta a esperanza de vida no século XVIII, pensades que casaron novas ou maiores? A que podería deberse?

A GALIZA DO ANTIGO RÉXIME:

Aínda que a nobreza galega saíu fortalecida das revoltas dos Irmandiños (1431-1469), auténtica guerra civil contra os señores, o centralismo político dos Reis Católicos impúxose en terras galegas, integrándose o país galego na monarquía hispánica, na crise demográfica, no desenvolvemento do comercio e na industria marítima.

Galicia converteuse nun reino máis da Coroa de Castela aínda que conservou a “Xunta do Reino”, como institución propia, creada no 1528 e que estaba formada por representantes das sete provincias existentes na Galicia do século XVI: Tui, Santiago, A Coruña, Betanzos, Mondoñedo, Lugo e Ourense.

Localiza no mapa de Galicia a situación das devanditas sete cidades (Empregar un atlas xeográfico ou internet).




Incluimos a continuación algunhas das obras de arte máis senlleiras desas capitais. Identifica cada unha delas. Damos como pista a cidade onde se sitúan mais, cal é o nome da obra de arte? Cales desas cidades seguen sendo capitais? De que o son: provincia, comunidade?

Delimita no mapa o trazado actual das provincias galegas de cor vermella e de cor azul as sete provincias do reino de Galicia. Ourense.



A comezos da Idade Moderna Galicia estaba poboada por uns 630.000 habitantes, que vivían nas fundamentalmente nas parroquias do rural, manténdose as grandes diferenzas entre as distintas clases sociais, na que destacou a fachendosa fidalguía que vivía nos pazos galegos e os numerosos campesiños. Apenas había cidades, só aquelas que constituían as capitais de provincias, pero de reducidas dimensións. Analicemos a evolución da poboación nas mesmas.

S4. Observade a gráfica de poboación galega. Cal foi a cidade que máis medrou? En que período? Cal



pode ser a motivación de tal crecemento? E unha cidade costeira ou do interior? E hoxe unha gran cidade galega?

S5. Cal foi a cidade que menos medrou? Cal podería ser a motivación? É unha cidade costeira ou do interior? E hoxe unha gran cidade galega?

S6. Suliña dos seguintes factores os que pensas que máis influíron no estancamento da poboación galega do século XVIII:

AS FAMES, AS GUERRAS, AS EPIDEMIAS, O DESEQUILIBRIO SOCIAL ENTRE HOMES e MULLERES, CONFLITOS EUROPEOS, O COMERCIO CON AMÉRICA, A APARICIÓN DO MILLO e a PATACA.

S7. Recupera os datos da actividade S25, en concreto os da Península Ibérica. Compara a poboación galega coa do resto do territorio. Medraron na mesma proporción? A que se deberá a diferenza?

A economía e a sociedade galega dos séculos XVI e XVII era rural e agrícola, sector ao que se adicaba o 85% da poboación. As familias vivían da venda do viño, do centeo e do gando vacún. Coa chegada de Colón a América diversificouse a alimentación galega: patata, millo.

AP	ACTIVIDADES ECONÓMICAS: APEIROS DE CADA UNHA: VIVENDA: Materiais: Estilo: GRUPOS SOCIAIS:	
		Barrio mariñeiro vigués do Berbés [Postal Colección Concello de Vigo]

Xunto á agricultura de viño, centeo, millo e pataca ou de produtos do gando vacún, os galegos adicaron os seus esforzos ao comercio marítimo de ultramar, especialmente nos territorios comprendidos entre A Coruña, Pontevedra e Baiona, o que favoreceu o desenvolvemento da construción de barcos e a pesca que derivaría na salgadura de peixes.

Neste período apenas houbo grandes cambios, aínda que aumentou a fachendosa fidalguía e o numeroso campesiñado. A principal fonte de riqueza dos privilexiados seguían a ser os contratos de FORO, é dicir, unha forma de arrendamento da terra propia de Galicia na que o señor proporcionaba a terra a cambio dunha renda fixa... Analicemos a historia dos FOREIROS.

“Coñecida cousa sexa a todos como eu, frei Gonzalo, abade de Melón, conxuntamente co prior e mosteiro dese lugar, damos e outorgamos a ti, Pedro Rodríguez, clérigo de Sadornín, e a toda a túa voz, aquela nosa viña que se chama do Penedo (...) coa condición que a labredes ben, que non desmereza por falta de atención e nos deades (...) cada ano a metade [da colleita]. (...) Non a podedes vender nin empeñar nin dala a ninguén, senón a nós por xusto prezo; e se a nós non interesase, debedes vendela ou dala a un labrador manso que merque o noso foro en paz. Non a deades nin a fidalgo nin a outra orde”.

- S1 . Define os seguintes termos, atendendo ao texto: frei, clérigo, prior, labrador manso, fidalgo, mosteiro e abade.
- S2 . Quen era o propietario da terra? E quen a cultivaba? Quen é o propietario neste texto?
- S3 . Tenta explicar a expresión “Vivir de rendas”.
- S4 . Existen hoxe os “contratos de arrendamento? Que son?
- S5 . No texto fálase do abade de MELÓN. Onde está a vila de Melón? Hai nela algún mosteiro? De existir tenta describilo.
- S6 . En Ourense existe unha comarca que é coñecida como Ribeira Sacra, sabes a que debe o seu nome? Tenta averigualo.

No Antigo Réxime a sociedade galega foi cambiando paseniñamente, especialmente no referente á fidalguía. Os fidalgos foron acadando cada vez máis control económico. Os pazos convertéronse en centros de poder e control económico. Analizade as seguintes imaxes e logo contestade ás cuestións:

1. Que elementos arquitectónicos conforman os pazos? Que actividades económicas reflicten (social, política, económica, relixiosa)?
2. Existe algún pazo na túa comarca? Cal? Que elementos propios dun pazo ten? Redacta brevemente as súas características e historia.
3. O termo fidalgo ten connotacións negativas, aínda hoxe, por qué?
4. Hai unha frase popular que define o pazo: “Capilla, palomar y ciprés, pazo es”. Explica o sentido da frase. Por que sempre se cita en castelán?



Cultura e Arte Barroca

No século XVI quebrouse o pensamento medieval, inspirado pola Igrexa e mantido nas universidades, que anulaban calquer intento de renovación científico-cultural. Nun mundo basicamente rural-analfabeto, foron aparecendo algúns pensadores que desenvolveron o método científico. Recollemos a continuación unha táboa con pensadores e ideas propias destes séculos. Tenta relacionalos con números.

1	Maquiavelo	Principio da división e da separación de poderes.
2	Erasmo de Rotterdam	Cúpula da catedral de Florencia.
3	Mecenas	Teoría Heliocéntrica.
4	Rousseau	Doutrina da predestinación.
5	Copérnico	Doutrina da xustificación pola fe.
6	Brunelleschi	Corrente artística na que se impón o movemento, a afectación e o pensamento.
7	Calvino	Principio da vontade xeral ou da soberanía nacional.
8	Barroco	Humanismo.
9	Montesquieu	"O fin xustifica os medios".
10	Lutero	Personaxes que favoreceron e incluso financiaron a actividade artística e literaria.

O mundo da ciencia foi especialmente brillante. Aquí tes unha mostra, relaciona ambas columnas

1	Joseph Priestly	Experimentou coa electricidade estática.
2	Joseph Black	Obtivo o Osíxeno
3	Henry Cavendish	Fundaron unha escola de anatomía
4	Lavoisier	Obtivo o dióxido de Carbono
5	Isaac Newton	Descubriu que o raio era electricidade
6	Benxamin Franklin	Composición da auga
7	Volta	Descubriu a vacina contra a varíola
8	Herschell	Pila eléctrica
9	Imáns Hunter	Procedemento clínico para o parto
10	Dr. Jenner	Lei da conservación da materia
11	Dr. Shellie	Aplicaron o limón ao tratamento do escorbuto
12	Dr. Lind e Cook	Descubriu o planeta Urano

Tampouco a literatura quedou atrás. O “Século de Ouro” das letras españolas foi boa mostra do que dicimos. Tenta localizar quen foron os autores destas obras.

O sono dunha noite de verán.
Fuenteovejuna
O Alcalde de Zalamea.
O si das nenas.
Tartufo ou o hipócrita.

Vida do Buscón chamado Pablos.
Rinconete e Cortadillo.
O Discurso do método.
Eloxio das Belas Artes
A Gatomaquia.

Se a literatura supuxo un momento de esplendor na Península Ibérica, as artes en xeral viviron o mesmo momento. Imos traballar a un dos xenios da pintura española a traverso dunha obra tamén xenial: "**As Meninas**" ou "**A familia de Filipe IV**"

Biografía de Velázquez: 10 liñas.

Citade 5 artistas coetáneos.

Citade 5 obras deste pintor.

Cuestións sobre "As Meninas".

Cronoloxía aproximada do cadro.

Onde está na actualidade?

En que material e cal é a técnica de execución?

Que está a pasar neste momento, cando Velázquez está a pintar?

Quen están representados no espello? Xa traballamos unha obra pictórica que empregou este efecto do espello. Averigua cal.

Con que atributos represéntase Velázquez? A que vos lembra da cultura galega (deporte, alimentos, ...)?


Coñecía o contorno aquí pintado? Razona a túa resposta.

Observa atentamente a expresiva luz que envolve aos personaxes. De onde ven esa luz? Sobre que elementos do grupo destaca en maior medida? Cantos focos de luz atopas?


Dentro da policromía do cadro, escolle tres cores dominantes.

Que pintor do século XX estudou maxistralmente esta composición, reproducíndoa en repetidas ocasións. Compara as obras.

Tenta completar o esquema que acompaña, observando a obra. Logo acompaña os números do esquema central cunha frecha que sinalan cara onde ou cara a quen miran os personaxes representados.

 As Meninas Diego de Silva e Velázquez (Fondo wikipedia)		1.- 2.- Agustina Sarmiento. 3.- Isabel de Velasco. 4.- 5.- 6.- Nicolasito Pertusato. 7.- 8.- Marcela Ulloa. 9.- Gardadamas. 10.- Apousentador J. Nieto. 11.- 12.- 13.-
---	--	---

Se hai unha cidade vencellada á arte barroca esa é SANTIAGO DE COMPOSTELA. O contorno da catedral compostelá xorde o recargado barroco de placas. Sobre a pranta da catedral de Santiago tenta situar os edificios barrocos das imaxes que acompañan e sinala o seu nome.



* Escribe no plano os nomes das distintas portas de acceso da catedral compostelá. As prazas, ás que se abren, foron remodeladas durante o barroco. Como se chaman esas prazas?

* A máis importante é a contruída por Fernando de Casas. De cal falamos? Nela hai catro edificios moi importantes que reflicten os poderes da ata o Antigo Réxime. De que edificios falamos? Realizade un esquema da praza e sitúade cada un deles. Que poderes reflicten?

* Relaciona as fotos coa pranta do templo. Onde situarías cada unha?

